

Data	03/11/11		
Lugar	Salón de Actos do Instituto Municipal de Educación (IME), Camiño do Chouzo -Vigo.		
Inicio da xuntanza	18:00h (2ª convocatoria)	Fin da xuntanza	19:50h
Asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Presidenta, Raquel Díaz Vázquez</li> <li>•Vicepresidente, Xan F. Centrón Montero</li> <li>•Secretario, Pedro Vázquez Iglesias (Técnico do Servizo de Educación). Designado para substituír a Rafael Ojea nesta xuntanza</li> <li>•Representante da Administración Educativa, Gonzalo Fernández Fernández</li> <li>- Sector docente: <ul style="list-style-type: none"> <li>•Mª del Carmen Lorenzo Vila</li> <li>•Santiago Rodríguez Sánchez</li> <li>•Tereixa Otero Dacosta</li> <li>•Xesús Rodríguez Amil</li> <li>•Pedro Nozal Cantarero</li> </ul> </li> <li>- Sector usuarios/as: <ul style="list-style-type: none"> <li>•Iago Fernández Fonseca</li> <li>•Mª Bertila Fernández Pérez</li> <li>•José F. Rodríguez Pérez</li> <li>•Silvana Mª Moscoso Pérez</li> <li>•Cynthia B. Pereira Romero</li> </ul> </li> <li>- Sector social: <ul style="list-style-type: none"> <li>•Mª Olga Alonso Suárez</li> <li>•Antonio Estévez substituíndo a Manuel Rodríguez González</li> <li>•Cipriano Luis Jiménez Casas</li> <li>•Rodrigo Romaní Blanco</li> </ul> </li> </ul>		
Escusan asistencia	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Sector docente: María López Bodaño</li> <li>•Sector docente: Jesús A. Camino Soutullo</li> <li>•Sector docente: Adolfo Gálvez Pazos</li> <li>•Sector usuarios/as: Juan José</li> <li>•Sector usuarios/as: Beatriz Blanco Bastos</li> <li>•Sector usuarios/as: Dolores Iranzo Simó</li> <li>•Sector usuarios/as: Mª Cristina de la Calle Rodríguez</li> <li>•Sector usuarios/as: Julia Fernández Casado</li> <li>•Sector social: José Antonio Fernández Rodríguez</li> <li>•Sector social: Francisco Piñeiro Lorenzo</li> </ul>		
Non asisten	<ul style="list-style-type: none"> <li>•Sector docente: Antonio Madrid Riskey</li> <li>•Sector docente: Marina Pérez Costas</li> <li>•Sector social: Ángeles Arias Miño</li> <li>•Sector social: Consuelo Martínez García</li> <li>•Sector social: Joaquín Pereira Somoza</li> </ul>		
Servizo de Educación e Asistencia Técnic	Ana Isabel Castro Davila(Asistencia técnica, regulada no artigo 9.2 do Regulamento de organización e funcionamento do CEMV).		

## Orde do día

- 1.Lectura e aprobación da Acta Anterior, se procede.
- 2.Informe da Presidenta do CEMV.
- 3.Incorporacións de novos membros.
- 4.Memoria anual de actividades do CEMV 2010-2011.
- 5.Informes das Comisión de traballo.
- 6.Propostas e Mocións.
  - 6.1.Moción da Presidenta sobre Política Educativa da Xunta de Vigo.
  - 6.2.Revisión ao texto da Presidenta realizada pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa.
  - 6.3.Moción de FOANPAS sobre comedores escolares.
- 7.Rogos e preguntas.

## Intervencións realizadas e acordos adoptados

Comeza a sesión Raquel Díaz Vázquez, Presidenta do Cemv, dando a benvida a esta primeira sesión plenaria do CEMV do curso escolar 2011-2012. Lembra as palabras do Alcalde da sesión de constitución do CEMV nas que destacaba a especial importancia que tiña para este goberno a participación regrada e activa no ámbito da educación. Informa que desde o Concello seguen co mesmo obxectivo, o de facer da educación en Vigo un referente a nivel nacional aínda sendo conscientes da problemática existente a día de hoxe.

Da a benvida a todos os representantes que compoñen o CEMV e agradécelles a súa presenza.

Antes de pasar ao primeiro punto, a Presidenta comunica que o Secretario do CEMV, Rafael Ojea, está ausente por enfermidade. Para esta sesión fará as labores de Secretario segundo establece o regulamento no artigo 12.3. Pedro Vázquez (En casos de vacante, ausencia ou enfermidade, o secretario será substituído polo funcionario público do Concello de Vigo que a Presidencia do Consello designe).

### **1.- Lectura e aprobación da acta anterior, se procede.**

Intervén *Gonzalo Fernández*, representante da administración educativa, para aclarar que se debe substituír na primeira páxina o nome do cargo que ostenta, en vez de "*representante da Xunta de Galicia*" debe dicir "*representante da Administración Educativa*".

Asemade solicita o cambio na páxina 4 onde di “as primeiras peticións de reforma xurdiron no curso 2007-2008 por parte do inspector”, debe dicir “por parte da comunidade educativa”.

Santiago Rodríguez solicita que se faga unha modificación en Rogos e Preguntas sobre a intervención que fai cando fala do Informe da CIG. Onde di “*demostra a falta de prazas existentes neste momento en todos os colexios de infantil de titularidade pública*”, debe dicir “*demostra a falta de prazas existente neste momento nos colexios de infantil de titularidade pública*”.

#### Acordos adoptados

Admítense as correccións feitas por Gonzalo Fernández e Santiago Rodríguez acerca das súas intervencións recollidas na acta.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior.

## 2.- Informe da Presidenta do CEMV.

Raquel Díaz lembra que o obxectivo do Concello é o de converter á Educación en Vigo nun referente a nivel nacional e que aínda que o momento polo que está pasando a educación non é o máis idóneo, o goberno comprométese coa educación a través de catro liñas:

### 1.- Rede Escolas Infantís Municipais 0-3 anos (REIM): Aumento dun 60% de capacidade na súa oferta de prazas.

Situación REIM		Equipamentos 0-3 anos	Oferta Prazas
En funcionamento escolas 2011	4	EIM. Sta. Cristina Lavadores / EIM Atalaia Teis / EIM Santa Marta Casco Vello / EIM Costeira Saiáns	328
Inminente apertura escolas 2012	3	EIM Tomás Alonso / EIM Casiano Martínez Bouzas / EIM Mestres Goldar	246
Previsión Proxectos novas escolas	3	EIM Lavadores / EIM Navia / EIM Martínez Garrido Doblada	246
10 Escolas Infantís			820

### 2.- Comedores Escolares:

Primeiro de todo quere facer constar o seu agradecemento á labor que leva a cabo FOANPA en relación aos comedores. O Concello participa na xestión de 31 comedores en colaboración coa FOANPA (Convenio 476,039,31,-€) que atende a 2300 comensais diarios (300 máis que o curso anterior) e recibíronse 2520 solicitudes, polo que quedaron sen atender 220 solicitudes.

Do total de comensais 630 son bolseiros municipais (preto do 28%) e son atendidas por 150 camareiras.

O Concello segundo o comprometido coa Xunta, ten actuado na construción, reforma e ampliación de 6 comedores escolares no período 2007-2011 cun investimento de 326.450.-€: Ceip Escultor Acuña, Ceip Canicouva, Ceip Candeán Igrexa, Ceip Mestres Goldar, Ceip Valle Inclán e Ceip Teis Paraixal.

Por parte da Xunta comprometeu actuación en 5 comedores sendo a situación a seguinte: Ceip Teis Frián e Ceip Balaidos obras rematadas, 200.000.-€ en orzamentos 2012 para reformas no Ceip Pombal, 516.000.-€ en orzamentos 2012 para reformas no Ceip Pintor Laxeiro, e sen novas do comedor do Ceip "Illas Cíes".

### **3.- Programa Municipal de Inmersión en Lingua Inglesa:**

EDICIÓN	PARTICIPANTES	IMPORTE
2008	100 alumnos/as 4º ESO	200.000,-€
2009	125 alumnos/as 4º ESO	297.500,-€
2010	250 alumnos/as 4º ESO	595.000,-€
2011	440 alumnos/as 4º ESO	1.070.000,-€
TOTAIS	915 alumnos/as 4º ESO	2.162.500,-€

•Bolsas "Alcaldía de Vigo" 2011 para estancias no estranxeiro alumnado Escola Oficial de Idiomas (100.000.-€)

•Programa "Vigo Activities" (Teatro en inglés para escolares, visitas didácticas á cidade en inglés, contacontos, encontro con nativos, xogos e cancións) 60.000.-€

#### **1.- Pacto Educativo:**

Nun momento como o actual é necesario facer un pacto pola educación e pola defensa do ensino en Vigo. Neste sentido é no que sei vai a traballar desde o goberno municipal, ofrecendo colaboración a todas as institucións que teñan que ver coa educación pero tamén opoñéndose e loitando cando non se atendan ás necesidades educativas da poboación.

### **3.- Incorporacións de novos membros.**

A Presidenta da conta dos novos cambios de representantes do CEMV:

Presidencia

**Raquel Díaz Vázquez**, Concelleira Delegada de Educación do Concello de Vigo, pasa a ocupar o cargo de Laura López Atrio.

#### Sector docente

**Pedro Nozal Cantarero**, como responsable de educación da Federación do Ensino de USO (FEUSO) en Vigo, pasa a ocupar o cargo de Isidro Amoedo Rodríguez.

**Tereixa Otero Dacosta**, como responsable de STEG, pasa a ocupar o cargo de Mercedes Alonso Padrón.

#### Sector usuarios:

**Iago Fernández Fonseca**, membro de Foanpas, pasa a ocupar o cargo de Mónica Touza Troncoso.

**Juan José Piñeiro Martínez**, membro de Foanpas, pasa a ocupar o cargo de Xosé Manuel Pena Gayo.

#### Sector social

**Mª Olga Alonso Suárez**, directora do CEIP Frián-Teis, pasa a ocupar o cargo de Alfonso Guitián Álvarez.

#### Asistencia Técnica

**Ana Isabel Castro Davila** pasa a ocupar o cargo de Sofía Riveiro Olveira na Asistencia Técnica.

A Presidenta aproveita para agradecer a labor levada a cabo por Sofía Riveiro.

### **4.- Memoria anual de actividades do CEMV 2010-2011.**

Raquel Díaz presenta a Memoria anual de actividades indicando que nela se inclúe a actividade do CEMV durante o último curso escolar:

---

#### **Presentación:**

Tal e como recolle o [Regulamento de Organización e Funcionamento do Cemv](#), no seu *artigo 23*, o Consello Escolar Municipal de Vigo ten que presentar unha memoria de actividades onde se dea conta do feito por este órgano colexiado municipal.

#### **Artigo 23. Memoria de actividades**

- 1.- O CEMV ao remate de cada curso escolar elaborará unha memoria da súa actuación no curso escolar correspondente, explicando de xeito conciso cada unha das principais actuacións levadas a cabo e xustificando a súa contribución á mellora do sistema educativo.
- 2.- O procedemento que se ha seguir para a súa emisión e achega será o regulado con carácter xeral para á elaboración de ditames.
3. Para a elaboración da memoria anual de actividades tomaranse como referente as actas do Pleno e da Comisión Permanente, e teranse en consideración os informes previos das restantes comisións.

Neste ano, desde o CEMV promoveuse o traballo das comisións e, unha vez aprobados os plans de traballo das mesmas, puxéronse en marcha as reunións e cometidos para tal fin.

As principais accións desenvolvidas durante este período teñen que ver coa planificación das actuacións para o curso escolar 2010-2011 a través das comisións de traballo e coa incorporación do alumnado á vida activa do CEMV. Ademais, leváronse a cabo sesións formativas para o uso do espazo web do CEMV ([www.cemv.vigo.org](http://www.cemv.vigo.org)).

## 2. Cronograma das actividades do CEMV

setembro de 10						
l	m	m	x	v	s	d
		1	2	3	4	5
6	7	8	9	10	11	12
13	14	15	16	17	18	19
20	21	22	23	24	25	26
27	28	29	30			

outubro de 10						
l	m	m	x	v	s	d
				1	2	3
4	5	6	7	8	9	10
11	12	13	14	15	16	17
18	19	20	21	22	23	24
25	26	27	28	29	30	31

novembro de 10						
l	m	m	x	v	s	d
1	2	3	4	5	6	7
8	9	10	11	12	13	14
15	16	17	18	19	20	21
22	23	24	25	26	27	28
29	30					

decembro de 10						
l	m	m	x	v	s	d
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

xaneiro de 11						
l	m	m	x	v	s	d
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30
31						

febreiro de 11						
l	m	m	x	v	s	d
						1
2	3	4	5	6		
7	8	9	10	11	12	13
14	15	16	17	18	19	20
21	22	23	24	25	26	27
28						

marzo de 11						
l	m	m	x	v	s	d
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30	31	

abril de 11						
l	m	m	x	v	s	d
					1	2
3	4	5	6	7	8	9
10	11	12	13	14	15	16
17	18	19	20	21	22	23
24	25	26	27	28	29	30

maio de 11						
l	m	m	x	v	s	d
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

xuño de 11						
l	m	m	x	v	s	d
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30						

Comisión de Equipamentos	■
Comisión Pedagóxica	■
Comisión Permanente	■
Pleno	■
Alumnado	■
Coordinación Asistencia Técnica	■
Formación Web	■

A actividade principal desenvolvida pola Secretaría Técnica do CEMV durante o curso académico 2010-2011 foi a planificación e posta en marcha das comisións de traballo, así como, a formación e achegamento á web do Cemv, pasando polo contacto co alumnado e a coordinación co Servizo de Educación.

No calendario axunto marcáronse as xuntanzas das comisións do Cemv -pedagóxica, equipamentos, permanente-, as sesións plenarias, as reunións de coordinación da asistencia técnica co servizo de educación e a formación levada a cabo.

Desta maneira, podemos visualizar a actividade deste órgano durante o curso 2010-2011.


## 3. Sesións plenarias

Celebráronse un total de **3 sesións plenarias**, cunha porcentaxe de participación en descenso.

1. Pleno 27/10/2010: 78'78 %

2. Pleno 19/01/2011: 66'66 %

3. Pleno 27/04/2011: 54'54 %



As datas escollidas cumpren co regulamento (*artigo 17. Réxime de Xuntanzas do Pleno*), onde di que teñen que ser convocadas cada tres meses, necesariamente coincidindo co primeiro e o último trimestre do curso escolar.

Data	Temas abordados
1: 27/10/2010	1.Aprobación da Memoria Anual de Actividades 2009-2010. 2.Informe xeral da Presidencia: Nova construción Ceip “Altamar” e Comedor Ceip “Illas Cíes”. 3.Proxecto Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas (EMMA). 4.Proposta de procedemento para o desenvolvemento das funcións establecidas no regulamento. 5.Propostas de planificación das comisións de traballo para o curso académico 2010-2011.

Nesta sesión, comezouse anunciando o cambio de varios representantes:

- Cipriano Luis Jiménez Casas, que substitúe a Anxo Queiruga Vila (CERMI-Galicia).
- Rosa Pérez Santiago, que substitúe, nesta ocasión a Gonzalo Fernández Fernández (Consellería de Educación).
- Sofía Riveiro Oliveira, que substitúe a Laura Cruz López (Asistencia Técnica).

Aprobáronse todas as propostas feitas: o plan de actividades do curso 2009-2010, o proxecto EMMA, o procedemento para enviar propostas, e os plans de traballo das comisións. O proxecto EMMA foi presentado por Rodrigo Romaní, representante do Cemv no sector social, do ámbito das Ensinanzas Artísticas.

Tamén se acordou estudar a instrución que afecta aos **comedores escolares** por parte da Comisión de Equipamentos e Infraestruturas, e analizar a posibilidade de convertila en Rogo para presentar no Pleno do Concello de Vigo, e Incluir o les A Guía, no **estudo sobre instalacións deportivas**, por ser o único centro que ofrece formación profesional de actividades físicas e deportivas.

Data	Temas abordados
2: 19/01/2011	1.Informe da Concellería de Educación. 2.Analizar as propostas presentadas polas comisións de traballo: 3.Solicitarlle un Estudo da Zonificación Escolar, á Universidade de Vigo, proposta pola Comisión de Equipamentos. 4.Solicitar un Catálogo de Actividades Educativas desde o Concello, ao Servizo de Educación, proposta pola Comisión Pedagóxica. 5.Suxestión de incluír un punto en todas as Ordes do Día dos Plenos do Cemv, sobre avances-actuacións das comisións de traballo. 6.Analizar o tema da folga de limpeza dos colexios públicos.

No informe da concellería, fíxose unha comparativa entre o **orçamento de 2010 e o do 2011** dedicado a educación. Ademais, tamén se volveu a tratar o tema de limpeza, informando sobre o novo contrato.

As comisións de traballo fixeron cadansúa proposta e tamén houbo unha suxestión de incluír nas ordes do día dos Plenos do Cemv un punto sobre **“Avances-actuacións das comisións de traballo”**.

Todos os puntos foron aprobados. Tamén se acordou informar sobre o traballo **“Cidades Amigas da Infancia”**. En rogos e preguntas fixéronse dúas propostas de un recoñecemento público a dúas personalidades finadas nese tempo: **Chito Veiga e José M<sup>a</sup> García Picher**.

Data	Temas abordados
3: 27/04/2011	1.Informe da Concelleira de Educación. Presentación do traballo sobre Instalacións Deportivas. 2.Informe das Comisións de Traballo 3.Propostas da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa: <ul style="list-style-type: none"> <li>▪Achegas aos anteproxectos de lei</li> <li>▪Organización de xornadas sobre convivencia escolar</li> </ul> 4.Proposta da Comisión de Equipamentos: reiterar as propostas xa feitas. 5.As voces do CEMV: documento para entregar á nova corporación municipal. 6.Moción de Surgapa sobre o Pilivigo 2011

Nesta sesión plenaria, faise unha modificación da acta anterior. Presentáronse varias propostas fóra do orde do día: unha acerca de comedores é retirada para tratala na comisión de equipamentos, e a moción sobre as achegas aos anteproxectos de lei é tratada como punto fóra do orde do día relativo a este tema.

No informe da Concelleira de Educación apróveitase para presentar a modo de resumo dos anos de traballo no concello, deixando un apartado en cada un dos temas de “o que queda por facer”.

- 1.Infraestruturas e competencias específicas.
- 2.Escolas Municipais.

- 3.Programación Educativa.
- 4.Escolarización.
- 5.Participación da Comunidade.
- 6.A Cidade Educadora.

Neste punto tamén se presenta o traballo “*Estudo sobre o estado actual das instalacións deportivas dos centros públicos de infantil e primaria do Concello de Vigo*”, encargado polo Servizo de Educación.

Apróbanse as propostas da comisión pedagóxica:

- facer públicas as achegas aos anteproxectos de lei
- organizar unas xornadas sobre convivencia escolar

E a proposta da comisión de equipamentos de reiterar de novo as propostas xa presentadas:

- situación do Colexio Altamar
- Mapa Escolar

Non se aproba a moción de Surgapa sobre Pilivigo 2011.

Ponse en coñecemento de todo o Pleno a intención de facerlles chegar á nova corporación municipal o documento que leva o título de:

**AS VOCES DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE VIGO (abril de 2011):**

- Potenciar a aprendizaxe da lingua galega para manter unha boa competencia nas dúas linguas cooficiais.
- Estimular a convivencia e tolerancia nos centros educativos, respectando a cultura dos inmigrantes e promovendo o respecto aos nosos costumes e a integración na nosa sociedade.
- Aumentar o investimento en axudas e becas para aquel alumnado que o precise.
- Promover dende o Concello unha relación estreita entre a Comunidade educativa dos Centros e os Servizos sociais para prever e resolver posibles conflitos.
- Trato en igualdade ao alumnado dos centros independentemente da orixe da propiedade do centro.
- O CEMV é un órgano CONSULTIVO e de participación da comunidade educativa en materia EDUCATIVA instituído por LEI para o mellor funcionamento das institucións DEMOCRÁTICAS. As persoas que desinteresadamente traballamos nel, queremos ser escoitadas, consultadas, e tidas en conta , desde calquera área de goberno; tamén é responsabilidade do noso Concello, trasladar á Xunta os nosos ditames e suxestións.
- Constatada a insuficiente oferta educativa pública no centro da cidade de Vigo, e dada a proximidade que o servizo educativo require, consideramos responsabilidade do Concello, polas súas competencias e pola cercanía ao seu entorno, promover urxentemente a utilización, en óptimas condicións, de todos os espazos urbanísticos educativos dispoñíbeis.
- Os valores dunha cidade que educa pasan por tomar conciencia, todos e cada un dos axentes sociais, de que participando, implicándose, escoitando, chegando a acordos, é o único xeito de aprender, de formarse e de mellorar a calidade educativa.

Sería o último pleno do Cemv presidido por **Laura López Atrio**, a concelleira de educación, xa que, nas eleccións de maio de 2011 non se presenta de novo, e foi tamén o último pleno convocado no curso 2010-2011.

#### **4. Comisión Permanente**

Celebráronse tres xuntanzas coa seguinte porcentaxe de participación:

- 1.18/10/10: 87'5 %
- 2.14/12/10: 75 %
- 3.04/04/11: 100 %





Neste caso, a Comisión Permanente non cumpreu co réxime de xuntanzas establecido no regulamento (*artigo 18. Réxime de xuntanzas da Comisión Permanente*): a) As xuntanzas ordinarias realizaranse cada dous meses. Sería necesario ter convocada outra xuntanza máis.

Data	Temas abordados
1: 18/10/2010	1. Analizar o Proxecto EMMA, proposto por Rodrigo Romaní, e a súa inclusión para a presentación do mesmo na orde do día do Pleno. 2. Revisar o documento de Proposta de procedementos para o desenvolvemento das funcións establecidas no regulamento. 3. Aprobar a Memoria Anual de Actividades 2009-2010. 4. Estudo das propostas de planificación das comisións de traballo para o curso académico 2010-2011. 5. Preparar a orde do día do Pleno do CEMV.
2: 14/12/2010	1. Informe da Concellería de Educación. 2. Analizar as propostas presentadas polas comisións de traballo: 2.1. Solicitalle un Estudo da Zonificación Escolar, á Universidade de Vigo, proposta pola Comisión de Equipamentos. 2.2. Solicitar un Catálogo de Actividades Educativas desde o Concello, ao Servizo de Educación, proposta pola Comisión Pedagóxica. 2.3. Suxestión de incluír un punto en todas as Ordes do Día dos Plenos do Cemv, sobre avances-actuacións das comisións de traballo. 3. Analizar o tema da folga de limpeza dos colexios públicos. 4. Preparar a orde do día do Pleno do CEMV.
3: 04/04/2011	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Informe da Concellería de Educación.</li> <li>• Informe das Comisións de Traballo.</li> <li>• Preparar a orde do día do Pleno do CEMV.</li> </ul>

Xa que a súa función principal é preparar as ordes do día do Pleno do Cemv, basicamente foi a dedicación maioritaria que tivo, sendo tamén un espazo para o debate e a concreción de propostas mediante a súa modificación ou suxestión de modificación á comisión ou representante autor das mesmas.

O tema da **limpeza nos centros** de ensino públicos tomou moito protagonismo tanto na comisión permanente como nalgún pleno do Cemv, xa que a folga convocada provocou certo desorde e caos no transcorrer do curso escolar.


No punto de Informe da Concelleira falouse en varias xuntanzas do programa **Concellos e Educación**, que engloba ás 7 grandes cidades galegas. Así mesmo, debateuse a posibilidade de reforzar o carácter consultivo do Cemv e presentar as propostas ao Pleno Municipal para que teñan efecto.

Ná última Comisión Permanente sae a proposta de recoller "**As Voces do Cemv**" e preséntase o informe "**De 2007 ata hoxe**", por parte da concelleira de educación. Preténdense tamén facer algún convenio de colaboración para poder publicar **novas educativos** nos medios de comunicación. A comisión de equipamentos amplía a súa preocupación por máis colexios: Navia, Caixa Nova e Vicente Risco.

## 5. Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa

Celebráronse catro xuntanzas cunha participación así:

- 1.28/09/2010: 25 %
- 2.30/11/2010: 33'33%
- 3.25/01/2011: 25 %
- 4.26/04/2011: 8'33 %



A pesares da pouca participación da totalidade das persoas que integran a comisión, foi unha comisión de traballo moi activa neste ano, onde se acadaron certos obxectivos do plan de traballo, pero non se puideron pechar ao 100%.

Data	Temas abordados
28/09/2010	1. Definir o plan de traballo da comisión para o curso académico 2010-2011. 2. Valorar os puntos a solicitar ao Observatorio da Convivencia de Galicia.
30/11/2010	1. Comezar co plan de traballo e delegar responsabilidades. 2. Elaborar propostas para levar á Comisión Permanente. 3. Folga de limpeza. 4. Concellos e Educación.
25/01/2011	A revisión e análise deste anteproxectos para, no seu caso, facer as aportacións precisas: -ANTEPROXECTO DE LEI DA CONVIVENCIA E A PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA (consellería de educación) -ANTEPROYECTO DE LEY INTEGRAL PARA LA IGUALDAD DE TRATO Y LA NO DISCRIMINACIÓN (ministerio de sanidad, política social e igualdade).
26/04/2011	●Xornada sobre Convivencia Escolar.  ●Asuntos previos ao Pleno do Cemv.

### Acordos adoptados:

28-09-10

- Facer un estudo pomenorizado dos servizos e recursos que desde o Concello de Vigo se ofrece aos centros educativos.
- Investigar sobre Programas de Convivencia noutros lugares.
- Solicitar información sobre convivencia ao Observatorio Galego de Convivencia Escolar.
- Deseñar-redactar o Plan de Traballo para presentar á Comisión Permanente.
- Facer cronograma de actividades:
  - 1º trimestre: análise da realidade. Búsqueda de información sobre outros plans e experiencias.
  - 2º trimestre: definir os obxectivos prioritarios do Plan de Convivencia Escolar Municipal.
  - 3º trimestre: Formalizar e presentar o Plan de Convivencia Escolar Municipal para o curso 2011-2012.
- Promover un concurso ou banco de ideas sobre Boas Prácticas en Convivencia Escolar.

30-11-10

- Bertila* mandará información sobre as xornadas formativas que fan desde Foanpa, para colgar no blog do Cemv.
- Bertila* mandará o proxecto de Educación Emocional de Paula Muñoz para a Comisión Pedagóxica.
- Deseñar carta de presentación, por parte de *Manuel Rodríguez*, e formulario para a recollida de boas prácticas,

e poder mandalo aos centros educativos vigueses.

- **Manuel** chamará a Rosa Pérez, representante da administración, para consultarlle as experiencias que comentou no pleno e se coñece algunha máis.
- Facer proposta para enviar á Comisión Permanente sobre a elaboración dun estudo pormenorizado dos servizos e recursos que desde o Concello de Vigo se ofrece aos centros educativos.
- Facer suxestión para enviar á Comisión Permanente de incluír un punto en tódalas ordes do día do Pleno referidas ás comisións de traballo.

25-01-11


- Presentar ao Pleno do Cemv as aportacións feitas aos anteproxectos de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa, e Lei integral de igualdade de trato e non discriminación. 26-04-11
- Deseñar unha proposta de Xornadas sobre convivencia escolar do Cemv xunto co Servizo de Educación.

## 6. Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa

Celebráronse dúas xuntanzas, cunha participación do 60% e 54'54% respectivamente.

1.27/09/2010: 60%

2.22/11/2010: 54'54%



Esta comisión tivo máis seguemento por parte das persoas integrantes na mesma, pero o resultado final resúmese en delegar moito nos pasos a dar por parte do Servizo de Educación, Concello de Vigo e Consellería de Educación. Aínda así, fixo presión para a revisión da situación actual de certos centros educativos.

Data	Temas abordados
27/09/2010	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Definir o plan de traballo da comisión para o curso académico 2010-2011.</li> <li>2. Valorar a solicitude de incorporación á Comisión, da alumna M<sup>a</sup> Cristina De La Calle Rodríguez.</li> </ol>
22/11/2010	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Comezar co plan de traballo e delegar responsabilidades.</li> <li>2. Atender o asunto da instrución de comedores escolares, introducido por María López Bodaño no último Pleno do Cemv (convídase á xuntanza).</li> <li>3. Elaborar propostas para levar á Comisión Permanente.</li> </ol>

Foron abordados os grandes bloques desta comisión, con resultados ben distintos. Está solicitada a elaboración dun novo Mapa Escolar para Vigo; fíxose o estudo sobre Instalacións Deportivas; e os Comedores Escolares quedan para o seguinte curso.

### Acordos adoptados:

27-09-10

A respecto da Zonificación:

- Enviar proposta ó Pleno para solicitar á Xefatura da Consellería de Educación a revisión e actualización da zonificación do Concello de Vigo.
- Enviar proposta ó Pleno, onde se valore o estudo da zonificación por parte da Universidade (prácticas de algunha materia, convenio específico, colaboración cos técnicos ...).

A respecto da situación de Ceip Altamar:

-Enterarse de novo de cómo está o tema e pedir datos.

-Solicitar aos técnicos de educación do concello cáles son os centros a renovar.

A respecto da solicitude de Incorporación da Alumna, M<sup>a</sup> Cristina De La Calle Rodríguez, á comisión:

-Notificarlle á alumna a súa incorporación á comisión de traballo.

A respecto dos Comedores Escolares:

-Solicitarlle ó Concello de Vigo a análise dos comedores escolares – en canto a infraestruturas -, para saber a necesidade de ampliacións e/ou melloras.

A respecto dos Centros Concertados:

-Instar á Consellería de Educación a que analice os centros concertados (facéndolles referencia ao Informe de Infraestruturas elaborado por técnicos do Concello de Vigo).

A respecto das Instalacións Deportivas:

-Revisar infraestruturas e analizar a cesión para o uso das instalacións deportivas a nivel da comunidade veciñal.

A respecto do Cronograma do Plan de Traballo:

1º trimestre: zonificación

2º trimestre: comedores escolares

3º trimestre: instalacións deportivas

-Deseñar o Plan de Traballo en función destes grandes bloques (cos acordos como actuacións para o Plan de Traballo).

22-11-10

-Presentar unha proposta ao Pleno do Cemv para que se solicite á universidade un estudo sobre a zonificación escolar en Vigo, e que esta petición se faga desde o Concello de Vigo.

## **7. Difusión e comunicación mediática**

De acordo co *artigo 2.1* do Regulamento orgánico de organización e funcionamento, o CEMV ten entre as súas finalidades ofrecer a máis ampla información sobre a súa actividade e sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal. Así mesmo, “a Presidencia disporá que, de cada sesión do Pleno do Consello, se redacte unha nota informativa, referida fundamentalmente aos acordos tomados, co obxecto de comunicar á opinión pública, a través dos medios de comunicación social e da páxina web do Concello de Vigo, as actividades e posicións do Consello Escolar Municipal de Vigo” (*artigo 20.7*).

En relación con estas cuestións, desenvolvéronse as seguintes actuacións de difusión e comunicación mediática:

### **7.1 Comunicación mediática:**

Enviáronse tres notas informativas cos seguintes titulares:

-27/10/2010: **Reunión do Pleno do Consello Escolar Municipal do 27 de outubro de 2010.** O Consello Escolar Municipal de Vigo, en sesión plenaria do 27 de outubro de 2010, aprobou os plans de traballo das súas comisións Pedagóxica e de Planificación Educativa e acordou apoiar o proxecto de Escola Municipal de Música e Artes Escénicas (EMMA), de unificación das Escolas Municipais destas disciplinas.

-19/01/2011: **Reunión do Pleno do Consello Escolar Municipal do 19 de xaneiro de 2011.** O Consello Escolar Municipal de Vigo, en sesión plenaria do 19 de xaneiro de 2011, levou a votación as propostas e suxestións presentadas polas comisións de traballo e acordou revisar dous anteprojectos de lei relacionados co eido socioeducativo: o anteprojecto de lei de convivencia e participación da comunidade educativa, e o anteprojecto de lei integral da igualdade de trato e non discriminación.

-27/04/2011: **Reunión do Pleno do Consello Escolar Municipal do 27.04.2011.** No Consello Escolar Municipal de Vigo, en sesión plenaria de 27 de abril de 2011, presentouse un “estudo sobre o estado actual das instalacións deportivas dos centros públicos de infantil e primaria” e levouse a votación as propostas e

*mocións presentadas polas comisións de traballo.*

Con motivo de facer a recollida de **Boas Prácticas en Convivencia Escolar**, redactouse unha carta asinada pola presidenta do Cemv que se lle enviou vía mail a tódolos centros educativos non universitarios do Concello de Vigo, polo que lles chegou a existencia deste órgano ao centros de ensino.

Outra oportunidade de achegamento foi o **I Encontro con Alumnado** celebrado en febreiro deste ano, onde se volveu a contactar cos centros de secundaria de Vigo para convocar aos/ás representantes do alumnado.


### **7.2 Comunicación a entidades públicas:**

As actas –unha vez aprobadas- e acordos das sesións plenarias do CEMV envíanse ás seguintes entidades:

- Ao Gabinete de Alcaldía do Concello.
- Aos grupos políticos do Concello.
- Ao Consello Escolar de Galicia.
- Ao Xefe Territorial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.
- Á Consellería de Educación, cando se estime oportuno.

### **7.3 Información e comunicación á comunidade educativa:**

Polo Nadal, enviúusele postal a todos os membros do Cemv, cunha palabras da Concelleira de Educación. No mesmo sobre incluíanse pegatinas co logo do Cemv.



O **correo-e** [cemv@vigo.org](mailto:cemv@vigo.org) foi a referencia para centralizar información entre os/as distintas representantes no Cemv, pois é o correo que se utiliza para facer as convocatorias e aclarar cuestións.

A **páxina web** do CEMV ([www.cemv.vigo.org](http://www.cemv.vigo.org)) concíbese como unha plataforma de información sobre a actividade do CEMV á comunidade educativa. Nela recóllese a documentación derivada das xuntanzas (actas e acordos) e un apartado de novas relacionadas co Consello. Así mesmo, constitúe unha ferramenta de comunicación bidireccional, xa que permite á comunidade educativa transmitir comentarios sobre as novas publicadas, e trasladar suxestións, opinións e propostas ao CEMV.

Deuse cobertura no **blog** do Cemv a 31 novas, durante este curso 2010-2011, incluíndo as noticias do Servizo de Educación e aquelas outras novas de interese para a comunidade educativa:

30/10/2010	<a href="#">Reunión do Pleno do Consello Escolar Municipal de Vigo, do 27 de outubro de 2010</a>
15/11/2010	O Consello de Coordinación Pedagóxica, de Barcelona. Un exemplo a seguir!
09/12/2010	O Ministro de Educación visita Vigo.
20/12/2010	Educación do Concello de Vigo programa as obras de teatro en inglés para escolares "SNOWGIRL" e "GULLIVER IN LILIPUT"
28/12/2010	Co desexo dun ledó Nadal.
12/01/2011	Sae o anteproxecto de Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.
20/01/2011	Faleceu Chito Veiga: o pai do alpinismo galego.
23/01/2011	Morre un gran mestre: José M <sup>a</sup> García Picher.
30/01/2011	A Comisión de Convivencia e Innovación Educativa revisa os anteproxectos de lei de convivencia e de igualdade de trato.
22/02/2011	Boas Prácticas en prol da Convivencia Escolar.
02/03/2011	O alumnado do Cemv organiza o I ENCONTRO CON REPRESENTANTES DE CONSELLOS ESCOLARES
08/03/2011	A Presidenta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa sae nunha entrevista en Atlántico Diario
15/03/2011	Educación do Concello de Vigo abre o prazo de convocatoria para a participación no programa de inmersión en lingua inglesa (PILIVIGO 2011)

15/03/2011	Educación do Concello de Vigo programa 30 visitas didácticas en inglés da actividade "COÑEZAMOS A CIDADE / GET TO KNOW YOUR TOWN"
15/03/2011	Educación do Concello de Vigo abre o prazo de convocatoria para a adxudicación de prazas e matrícula nas escolas infantís municipais
21/03/2011	I Xornada Técnica sobre Concellos e Educación en Galicia
21/03/2011	Educación do Concello de Vigo pon en marcha a "Campaña de Animación á Lectura – CONTARTE"
30/03/2011	II Xornadas de Teatro Escolar
15/04/2011	10 ilustradores participan na exposición "Soños Ilustrados" que se inaugura este venres na Escola de Artes e Oficios de Vigo
26/04/2011	Oriente Exprés. Segunda Viaxe. Ciclo de Conferencias da Escola Oficial de Idiomas de Vigo.
11/05/2011	O Cemv reuniuse en Pleno, este 27 de abril de 2011
23/05/2011	Semana das Letras Galegas
31/05/2011	Educación do Concello de Vigo e a Escola Municipal de Teatro presentan a programación dos obradoiros monográficos de verán.
31/05/2011	Carta da Concelleira de Educación, Laura López Atrio, aos conselleiros e conselleiras do CEMV.
09/06/2011	As Escolas Municipais de Música e Artes Escénicas colaboran este sábado, con actuacións ininterrompidas, na Romería solidarias da ONG Pozos de auga Mayo Rey
12/06/2011	Convocatoria do novo curso 2011-2012 das Escolas Municipais de Música e Artes escénicas (EMMA)
13/06/2011	Un exemplo do que poden facer as AMPAS en educación
27/06/2011	Raquel Díaz, a nova concelleira de Educación, no Concello de Vigo.
04/07/2011	Aprobouse a Lei de Convivencia e Participación da Comunidade Educativa.
13/07/2011	Datos da Avaliación Xeral de Diagnóstico 2010
24/08/2011	Calendario escolar 2011-2012

Fixéronse **Comentarios** a algunha das novas e tamén fixeron uso do apartado **Opina**, para consultar certas cuestións. Outro elemento de deseño coa imaxe corporativa foi a impresión dun **roller** co lema "a participación é o camiño que nos conduce ao éxito", para os actos do Cemv, exposto en todas as sesións plenarias do Cemv.

## Anexos

### Membros do CEMV

Pleno	
Presidenta: Raquel Díaz Vázquez (Concelleira de Educación) Vicepresidente: Xan F. Centrón Montero Secretario: Rafael Ojea Pérez	
Sector docente	
Antonio Madrid Risque M <sup>a</sup> del Carmen Lorenzo Vila Marina Pérez Costas Xesús Rodríguez Amil Santiago Rodríguez Sánchez María López Bodaño Jesús A. Camino Soutullo Adolfo Gálvez Pazos Isidro A. Amoedo Rodríguez Mercedes Alonso Padrón	Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia Sindicato Nacional de CC.OO. de Galicia CIG-Ensino CIG-Ensino CIG-Ensino UXT UXT (sector educación especial) FSIE Galicia USO STEG
Sector usuarios/as	
Mónica Touza Troncoso M <sup>a</sup> Bertila Fernández Pérez Xosé Manoel Pena Gayo Beatriz Blanco Bastos José F. Rodríguez Pérez M <sup>a</sup> Dolores Iranzo Simo M <sup>a</sup> Cristina de la Calle Rodríguez Julia Fernández Casado Silvana M <sup>a</sup> Moscoso Pérez Cynthia B. Pereira Romero	FOANPAS FOANPAS FOANPAS SURGAPA SURGAPA SURGAPA ALUMNA (EPAPU Berbés) ALUMNA (IES do Castro) ALUMNA (CPR Mendiño) ALUMNA (CPR M <sup>a</sup> Inmaculada)

Sector social	
Alfonso Guitián Álvarez Manuel Rodríguez González Consuelo Martínez García Joaquín Pereira Somoza Cipriano Luis Jiménez Casas José A. Fernández Rodríguez Xan F. Centrón Montero Franciso Piñeiro Lorenzo Ángeles Arias Miño Rodrigo Romaní Blanco	Director/a centros públicos primaria Director/a centros públicos secundaria Central sindical (non ámbito educativo) Titular centros privados CERMI-Galicia Confederacións de empresarios de Vigo Especialista en educación Federación Veciñal Eduardo Chao Consello Municipal da Muller Ensinanzas artísticas
Representante Consellería de Educación	
Gonzalo Fernández Fernández	

Comisión Permanente	
Presidenta: Raquel Díaz Vázquez (Concelleira de Educación) Vicepresidente: Xan F. Centrón Montero Secretario: Rafael Ojea Pérez	
Vogal do sector docente	Santiago Rodríguez Sánchez
Vogal do sector usuarios/as	Mª Bertila Fernández Pérez
Vogal do sector social	Alfonso Guitián Álvarez
Presidenta da comisión pedagóxica	Mª del Carmen Lorenzo Vila
Presidenta da comisión de equipamentos	Mercedes Alonso Padrón


Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa	
Presidenta: Mª del Carmen Lorenzo Vila Secretaria: Mónica Touza Troncoso Vogal: Manuel Rodríguez González	
Sector docente	Isidro A. Amoedo Rodríguez Marina Pérez Costas María López Bodaño
Sector usuarios/as	Beatriz Blanco Bastos Mª Bertila Fernández Pérez
Sector social	Rodrigo Romaní Blanco Cipriano Luis Jiménez Casas Joaquín Pereira Somoza

Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa	
Presidenta: Mercedes Alonso Padrón Secretario: José F. Rodríguez Pérez Vogal: Alfonso Guitián Álvarez	
Sector docente	Jesús A. Camino Soutullo Santiago Rodríguez Sánchez
Sector usuarios/as	Mª Dolores Iranzo Simo Xosé Manoel Pena Gayo
Sector social	Joaquín Pereira Somoza Cipriano Luis Jiménez Casas José A. Fernández Rodríguez

#### Relación de altas e baixas

Sector Social	Baixas	Altas
Surgapa	Mª Pilar Gabián	Mª Dolores Iranzo Simo

### Asistencia aos plenos do cemv de 2010 a 2011 (5 plenos)



### Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade a Memoria anual de actividades do CEMV 2010-2011.

## 5.- Informe das Comisións de Traballo

### 5.1. Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa.

M<sup>ª</sup> Carmen Lorenzo, Presidenta da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa, presenta o seu informe e Plan de Traballo para o curso 2011-2012 que se centrará na organización das “Xornadas de Convivencia Escolar” e en todas aquelas necesidades que poidan xurdir ao longo do curso escolar.

Na xuntanza da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa celebrada o pasado día 10 de outubro tratáronse os seguintes temas dos que se procede a informar:



•Plan de traballo 2011-2012

Na xuntanza do día 10 de outubro elaborouse o plan de traballo para o curso 2011-2012. Este está pendente de ser aprobado polo próximo pleno. A actividade en torno á que xira o plan de actuacións desta comisión é a organización da Xornada de Convivencia Escolar.

•Xornada de Convivencia Escolar

Nesta xuntanza elaborouse un esbozo do programa da xornada que servirá como punto de partida para comezar a traballar. En canto ao día escollido preséntanse dúas posibilidades. A primeira sería o venres 20 de abril, en horario de mañá e de tarde e a segunda consistiría en dividir a actividade en dous días, a tarde do venres 20 de abril e a mañá do sábado 21 de abril. A seguir achégase un esbozo do posible programa:

9:00h	Acreditacións
9:30h-10:00h	ACTO INAUGURAL (Alcalde, Concelleira de Educación e representante do CEMV)
10:00h-11:30h	CONFERENCIA INAUGURAL (relator de prestixio ou boa práctica contrastada) e rolda de preguntas
11:30h-12:00h	DESCANSO
12:00h-12:30h	CONFERENCIA: Historia e andares do programa "Aprender a Convivir". Experiencia do I.E.S. de Teis. Fernando
12:30h-13:30h	EXPOSICIÓN das experiencias de boas prácticas recollidas polo CEMV
16:00h-17:00h	MESA REDONDA cos Movements de Renovación Pedagóxica
17:00h-18:00h	Grupos de traballo. Obradoiros con temáticas diferentes
18:00h-18:30h	DESCANSO
18:30h-19:30h	CONCLUSIÓNS
19:30h	Entrega de diplomas

-----

M<sup>a</sup> Carmen comenta que desde a súa Comisión pretenden que toda a comunidade educativa saiba que é o que se está a facer e a partir de aí poder dinamizar a convivencia. Na súa opinión cando se fala de crise, ou de momentos malos na educación, o saber aproveitar desde a escola o factor humano, que é do que se trata cando se fala de convivencia, é fundamental.

Comenta que xa teñen elixidas as datas, que aínda que en inicio se pensou en facelas nun venres, logo fixeron un cambio e faranse durante a tarde do venres 20 de abril e a mañá do sábado 21 de abril.

Explica que pretenden buscar unha persoa de recoñecido prestixio no campo da convivencia, con certo peso, que lles axude a atraer a un bo número de público. Lembra tamén a importancia de dar espazo nestas Xornadas ao programa "Aprender a Convivir" e aos nove centros que enviaron as súas experiencias a través dos formularios de Boas Prácticas. M<sup>a</sup> Carmen pensa que é unha mágoa que so participaran nove centros e que se coñecen algún outro que queira participar que aínda está a tempo, xa que é interesante que participe o maior número de colexios.

Informa de que durante as xornadas haberá unha parte máis teórica que serán as propias conferencias é unha parte máis práctica que consistirá nuns obradoiros dinámicos realizados por diferentes grupos de traballo.

Aproveita para comunicar que aínda que as xornadas as organicen desde esta comisión de traballo, están moi interesados en que todos os membros do CEMV se impliquen e colaboren.

Agradecen as suxestións de todos á hora de elixir relator, experiencias, ou sobre calquera outra cuestión.

Por último aclara que no curso pasado se falou de impulsar desde esta comisión a elaboración dun Plan de Convivencia Municipal, pero na última xuntanza acordaron que ese é polo de agora un reto demasiado ambicioso e que o que farían e ir dando pequenos pasos cara o plan, e a organización das Xornadas é un destes pasos.

*Xesús Rodríguez* comenta que lle parece moi axeitada a proposta da Comisión Pedagóxica de facer as xornadas en horario de venres tarde e sábado pola mañá, xa que así non habería ningún impedimento para que poidan asistir.

*José F. Rodríguez* pregunta como se van a publicitar as Xornadas, se se vai a mandar información a os coles públicos e aos privados.

*Pedro Vázquez* comunica que se fará un soporte documental específico e que desde o Servizo de Educación se divulgará a toda a comunidade educativa. A poboación diana son os docentes e familias, pero serán unhas xornadas abertas a todo o que queira asistir ata completar o aforo do Salón de Actos do IME.

*M<sup>a</sup> Carmen Lorenzo* comenta que ela falou con algunhas persoas que non eran docentes e están moi interesadas en asistir. Pregunta se se houbera moita xente interesada se se podería cambiar o lugar.

*Pedro Vázquez* explica que si, que se hai moita demanda que se pode reorientar o tema do espazo. Suxire que despois do Nadal estea pechado xa o programa para facer a difusión, con tempo suficiente para facer unha prescrición previa con tempo para que se poida facer algún cambio na loxística.

*Xan Centrón* propón que as xornadas se fagan no auditorio Mar de Vigo porque a imaxe que se daría inicialmente sería a dunhas xornadas de carácter extraordinario. A medida que se vaian facendo as inscricións pódese cambiar a unha sala máis grande ou máis pequena. Ademais comenta que se ten que procurar traer para a ponencia do venres a unha persoa con moito tirón. En canto ao tema da publicidade suxire que se envíe aos Centros Educativos pero tamén ás ANPAs, ás Asociacións de Veciños, aos Centros culturais,... En definitiva, tratar de mobilizar a todo o tecido asociativo da cidade do Concello e incluso da bisbarra de Vigo.

#### Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade o Plan de traballo da Comisión Pedagóxica e de Innovación Educativa, a celebración das Xornadas de Convivencia Escolar.

## 5.2. Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa.

Tereixa Otero , Presidenta da Comisión de Equipamentos e de Planificación Educativa, presenta o seu informe e Plan de Traballo para o curso 2001-2012 que se xirará en torno a catro eixos:

---

Na xuntanza da Comisión de equipamentos e de planificación educativa celebrada o pasado día 13 de outubro tratáronse os seguintes temas dos que se procede á informar:

### **1. Resumo das actividades realizadas pola Comisión de Equipamentos do CEMV durante o curso 2010-2011.**

Das actividades propostas no Plan de Traballo para o curso 2010-2011 por esta Comisión chegamos aos seguintes resultados:

#### 1.- Realización do Mapa Escolar do Concello de Vigo.

É unha tarefa sen rematar, polo que volverá a incluír no Plan de Traballo desta Comisión para o curso 2011-2012. Acordouse pedir de novo a colaboración da Universidade de Vigo para a súa realización.

O Concello realizou un Informe Técnico sobre a situación dos centros en materia de equipamentos e infraestruturas.

#### 2.- Comedores escolares.

FOANPAS presentou un informe comparativo sobre a servizo de comedores escolares no curso 2010-11 e 2011-12. A análise da situación dos comedores no presente, marcará as dinámicas sobre este tema no Plan de Traballo desta comisión, para o curso 2011-12.

#### 3.- Instalacións deportivas.

O Concello realizou un Informe Técnico sobre a situación das instalacións deportivas dos centros educativos.

### **2. Plan de traballo 2011-2012**

Ademais das cuestións enumeradas a continuación, esta Comisión atenderá aos asuntos urxentes e puntuais que poidan xurdir ao longo do período e que teñan relación directa cos equipamentos e a planificación educativa.

#### 1. Mapa escolar

1.1. Enviar unha proposta á Raquel Díaz, Presidenta do CEMV para que se informe de en qué situación se encontra a carta enviada ao Reitorado.

1.2. Seguimento da elaboración do Mapa Escolar.

#### 2. Comedores escolares

2.1. Presentación dunha moción solicitando que a Xunta asuma a xestión dos comedores escolares

2.2. Seguimento da moción presentada.

#### 3. Instalacións deportivas

3.1. Proposta de cesión para o uso das instalacións deportivas dos Centros educativos a nivel da comunidade veciñal.

3.2. Proposta para que os Centros educativos teñan acceso ao uso das instalacións do IMD do xeito máis adecuado.

#### 4. Mantemento e infraestruturas

4.1. Solicitar ao Concello que informe aos membros do CEMV sobre cales son as competencias municipais en materia de mantemento dos centros para poder analizar efectivamente cómo funciona este.

4.2. Seguimento a través da Asociación de directores do informe de infraestruturas dos centros educativos encargado polo Concello. (Informe: Recollida de datos e caracterización da situación material dos Centros públicos de Infantil e Primaria).

4.3. Seguimento do estado do mantemento e infraestruturas dos centros educativos.

---

## Acordos adoptados

Apróbase por unanimidade o Plan de traballo da Comisión de Equipamentose de Planificación Educativa.

## 6.- Propostas e Mocións.

### 6.1.- Moción da Presidenta sobre Política Educativa da Xunta de Vigo.

*Raquel Díaz* comunica que presentou unha moción de reprobación sobre a política educativa da Xunta de Galicia. Esta foi presentada como unha moción aberta e a Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa estudouna e fixo unha revisión cunha serie de emendas. A Presidenta comunica que acepta a revisión feita por esta comisión de traballo polo que a Moción queda tal como se presenta a continuación.

### 6.2.- Revisión ao texto da Presidenta realizada pola Comisión de Equipamentos e Planificación Educativa.

Raquel Díaz presenta a moción definitiva explicando que a base é a reprobación da política que a Xunta de Galicia está levando a cabo en materia educativa. Pasa a facer un breve resumo da moción:

---

#### ANTECEDENTES

Tal e como se recolle no seu regulamento, o CEMV é o órgano colexiado municipal de carácter consultivo e de participación de todos os sectores afectados na programación xeral do ensino e na planificación dos centros escolares no ámbito municipal.

O CEMV é o máximo órgano de participación e consulta en materia educativa no ámbito municipal. Entre as súas finalidades atópase:

- Impulsar e incentivar a calidade do ensino en todos os seus aspectos.
- Ofrecer a máis ampla información sobre a situación actual do ensino no ámbito municipal.

Neste sentido, considerando que se está a producir unha grave degradación da calidade do ensino na nosa cidade, como consecuencia da actual política educativa que desenvolve a Xunta de Galicia, considero importante que por parte deste órgano representativo da comunidade educativa e dos distintos sectores sociais vigueses, se debatan e reproben as medidas e actuacións que a administración autonómica está a poñer en práctica en detrimento do ensino e, en especial, do ensino público. Con esta finalidade, como Concelleira delegada de Educación e Presidenta deste Consello Escolar, presento para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte MOCIÓN:

#### TEXTO

Coa escusa da crise económica estase a aplicar, dende a Xunta de Galicia unha política educativa de recortes económicos que vai en detrimento da calidade do ensino (e, en especial, do ensino público) na nosa cidade, que perxudica en maior medida as persoas que teñen menos recursos económicos e que se manifesta, entre outras, no seguinte:

- Eliminación da gratuidade dos libros de texto
- Aumento das taxas das escolas infantís de primeiro ciclo dependentes da Xunta
- Ameaza con deixar sen comer aos fillos daquelas familias que se demoren no pagamento do comedor escolar a través da instrución 1/2011 da Consellería de Educación.
- Eliminación de bolsas de inmersión en lingua inglesa nun país estranxeiro
- Eliminación das subvencións aos colexios para participar en programas educativos
- Diminución das subvencións do denominado “cheque infantil”
- En Vigo non se cobren as necesidades de escolarización no 2º ciclo de Educación Infantil en centros públicos, nin no centro nin nas parroquias

A eses recortes véñse a engadir, neste comezo do curso 2011-2012, algunhas actuacións que veñen a afoegar aínda máis aos colexios públicos vigueses:

- Eliminación de 3 unidades nos CEIP Pombal, Praixal e na El rúa Palencia.
- "Peche encuberto" do IES Manuel Antonio (ESO e Bacharelato) e CIFP Valentín Paz Andrade (Bacharelato): baixo o eufemismo da "reorganización" agochoouse o traslado de 200 alumnos vigueses a outros centros o que provoca unha perda de calidade nos centros de destino e atenta contra a libre elección de centro.
- Non se cobren todas prazas de profesorado necesario nos centros
- Non se cobren as baixas de profesorado de menos de un mes
- Ao profesorado obrígase a impartir clases doutras especialidades, mesmo algúns non imparten ningunha materia da súa especialidade
- Implántase un aumento da xornada lectiva dos docentes e engádeselles a vixilancia do alumnado en beneficio das empresas de transporte. Ambas medidas, van en detrimento das súas propias funcións e coas seguintes consecuencias: cada profesor/a ten que atender a un maior número de alumnas e alumnos; redúcense as plantillas dos centros, aumentando o número de alumnos por aula; elimínanse desdobres que melloraban o rendemento; redúcese o tempo que cada profesora ten para a outras funcións que desenvolven os centros educativos: traballos de coordinacións, equipos, departamentos, programas complementarios e extraescolares, biblioteca, etc.

No que respecta ás infraestruturas escolares na nosa cidade:

- A Xunta de Galicia incumpriu os seus compromisos co Concello de Vigo no que respecta á reforma e ampliación dos comedores escolares, ao non ter rematado, nuns casos, nin comezado, noutros, as obras nos CEIP Illas Cíes, Pintor Laxeiro e Pombal; mentres o Concello realizou os comprometidos en Escultor Acuña, Pereiró, Candeán Igrexa, Mestres Goldar, Valle Inclán e Teis Praixal
- A Xunta de Galicia, a pesar do ofrecemento de colaboración realizado polo Alcalde de Vigo, non acomete un Plan de Modernización das infraestruturas dos Colexios Públicos de Vigo, imprescindible, tal e como demostrou o exhaustivo estudo encargado polo Concello de Vigo, para garantir a seguridade, salubridade e confortabilidade dos edificios escolares públicos vigueses.

Á vista de todo o anterior, someramente esbozado, propónse ao Pleno do Consello Escolar Municipal, a adopción do seguinte acordo:

Reprobar a política educativa da Xunta de Galicia, esixindo:

- que cumpra os compromisos de investimentos adquiridos na nosa cidade e atenda con eficacia e de forma urxente as necesidades;
- que suprima de inmediato a instrución 1/2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación que di literalmente "todas as persoas usuarias do comedor.....que teñan pendente calquera cantidade, por mínima que sexa, deberán ser excluídas do servizo.....non terán dereito a usar o comedor";
- a inmediata derogación da orde de 23 de xuño de 2011;- o aumento do investimento no ensino público co horizonte do 6% do PIB;
- a urxente apertura do imprescindible proceso de diálogo institucional con todos os sectores da Comunidade Educativa a través dos seus organismos representativos.

-----  
Indica que en calquera caso segue aberta por se calquera quere facer algunha achega.

*Gonzalo Fernández*, representante da Administración Educativa, discrepa dalgúns dos puntos da moción. En canto ao que aparece na moción de que non se cumpren os compromisos de inversión no Concello de Vigo, ten que dicir que neste anos lévase investido case 7,5 millóns de euros. A construción do CEIP Virxe do Rocío, a ampliación do CEIP Pintor Laxeiro que está en marcha e a ampliación do CEIP Pombal que se vai iniciar agora son algunhas delas, así coma outra serie de obras que se fixeron. Todas elas están próximas aos 7,5 millóns de euros. En canto á eliminación de gratuidade dos libros de texto, pensa que é moi discutible que tipo de política é a mellor, se a igualdade para todos, que todos teñan dereito a libros gratuítos, ou que se atenda mellor ás clases desfavorecidas, que é o que se pretende na actualidade. Con respecto ao que di a moción da eliminación de unidades en varios centros, Gonzalo Fernández di que é evidente que as unidades se non teñen alumnos non poden seguir funcionando. Cando se fala do peche encuberto do IES Manuel Antonio, non debería falarse dun peche encuberto, senón que do fomento da formación profesional, xa que o centro se

converteu nun centro integrado de formación profesional. E o alumnado e o profesorado distribúese entre os centros próximos sen que isto implique unha perda de calidade educativa.

*Gonzalo Fernández* continúa a súa intervención dicindo que considera que non é certo que non se cubran as baixas do profesorado, xa que estas se veñen cubrindo actualmente. En canto ao que se reflexa na moción sobre o aumento da xornada lectiva dos docentes en detrimento das horas dedicadas a actividades complementarias, entende que se se aumentaron 4 horas lectivas ao profesorado, este vai ter máis tempo para dedicar a biblioteca, as clases de reforzo, ás titorías, á coordinación,... ao revés do que se di na moción.

Por todas estas cuestións, *Gonzalo Fernández* non pode estar de acordo coa moción.

*Olga Alonso* intervén dicindo que representando aos directores pero sobre todo representando ao sector docente, non pode estar de acordo co representante da administración educativa. Empezando polo peche do Manuel Antonio, hai que aclarar que se lle comunicou á comunidade educativa que o centro pechaba ao final do curso. Os pais, xa fixeran a reserva de matrícula no propio centro e cando rematou o curso aínda non sabían a onde ían ir os seus fillos no seguinte curso. Isto é algo moi grave. Os mestres poden estar ubicados noutros centros pero as formas non foron para nada correctas. En canto aos alumnos, estes tamén están recolocados, pero estano de xeito masivo, en aulas onde sobrepasan a ratio establecida, aínda que como esta se pode cambiar só cun decreto, parece que non hai problema.

En canto ás obras nos colexios, continúa *Olga Alonso*, si é certo que as hai, pero desde logo non son todas as necesarias. O caso concreto que se mencionaba, o do CEIP Virxe do Rocío é un colexio que leva demandando estas obras anos. E ademais as obras empezáronse pero a directora non ten nada claro cando se van a rematar. A ampliación do CEIP Pombal si é certo que comezou pero, segundo a propia directora do centro, ampliando o comedor e eliminando a aula de música, a aula de inglés e a metade do ximnasio.

E en canto ao aumento de horas lectivas e a substitución de directores, comenta que a Asociación de directores se reuniu co Xefe Territorial e transmitíuselle que os equipos directivos non teñen apoios á dirección, e non se están cubrindo estes apoios. *Olga* pon o exemplo dunha directora que é a única profesora de inglés do seu colexio e ten que dar todas as horas de inglés e non hai ningunha persoa para substituíla.

O do aumento das 4 horas para *Olga* xa non ten discusión. Nos colexios estanse a facer moitas cousas co esforzo do profesorado. Ademais comenta que este é un colectivo que sempre que ten que facer formación a fai fora do horario de traballo. Co aumento de horas lectivas estanse a perder moitas das cousas que se facían nos centros, e que facían dos centros públicos algo singular porque, por exemplo, había moitos centros que debido ás problemáticas que tiñan dividían as clases e facían grupos pequenos para que a atención educativa fora maior. Agora iso non se pode facer. Todas as cousas que se facían con voluntarismo do profesorado, a posta en marcha de bibliotecas, os programas de TICs,... agora parece que non interesan. Da a sensación de que están dicindo que os docentes non fan nada.

*Xan Centrón* intervén para falar da problemática dos libros de texto. El cre que o que plantexa o representante da administración educativa é un tema estritamente economicista, importándolle só a quen se lle dan os cartos. Xan Centrón explica que os libros de texto non poden ser un tema nin económico nin economicista, senón un tema puramente educativo. Os profesores nas aulas educan no consumo coas tres famosas “erres”, pero resulta que se pode reciclar de todo menos os libros de texto. Él cre que o problema parte do sector do libro de texto. A maioría dos sectores produtivos en Vigo foron reconvertidos nalgún momento mentres que o sector do libro segue igual e pensa que isto se debe a que está nas mans da Igrexa Católica. Pensa que cando o goberno bipartito tomou a medida con respecto aos libros de texto, potenciaba aspectos educativos que iniciaban un proceso de reconversión do sector. Agora vólvese atrás. Ademais o sistema actual, aínda que parece o contrario é máis caro. Co sistema anterior o goberno subvencionaba os libros de texto e estes duraban catro anos. O gasto imputado a cada ano era do 25%. Agora, solo con que se lle dea a un 26% de rapaces cada ano, xa se está gastando máis. Pensa que o sistema que se plantexa agora, o que fai é magnificar a un elemento como é o libro de texto impreso ao que lle quedan 5 ou 6 anos de vida.

*Gonzalo Fernández* contesta con respecto á intervención de Olga que cada centro ten un Catálogo Completo no que están recollidas as horas que teñen que librar os directores e algunha máis, xa que é bastante flexible. Sobre o voluntarismo ao que se fixo referencia nas bibliotecas, nas comisións de convivencia, programas de dinamización lingüística, Gonzalo Fernández pensa que é evidente que o profesorado con 4 horas máis lectivas vai ter máis tempo para dedicarse a estas cuestións, aparte do reforzo educativo cando este sexa necesario. Sobre os libros de texto cre que é un tema efectivamente economicista, e aínda que se falara das editoriais, a federación de libreiros tamén presionou neste sentido.

Intervén *Bertila Fernández* para falar en nome dos pais facendo un recoñecemento público ao profesorado, á súa profesionalidade e ao seu esforzo. En canto ao dos libros de texto, Bertila comenta que eles formaron parte da comisión cando se implantou o sistema de préstamo dos libros de texto e que se traballou moito naquela comisión para chegar á mellor opción e agora este traballo vese tirado polo chan, ao igual que a labor do profesorado.

*José F. Rodríguez* ao tenor do préstamo de libros de texto, comenta que SURGAPA está a preparar un sistema de préstamo de libros de texto similar ao que xa teñen para préstamo de uniformes. Isto aparte de para favorecer ás familias máis necesitadas, propicia que estes se reciclen. Tamén se fará unha biblioteca entre as APAS de todos os centros para que se presten libros de lectura.

*Tereixa Otero*, representante de STEG, comenta que con respecto aos libros de texto, de pouco serve se llos dan de xeito gratuíto ás clases menos favorecidas se despois non controlan se o diñeiro foi investido en libros ou en calquera outra cousa. A xunta non leva control de en que se gasta o diñeiro que dan e moitos rapaces que reciben a axudan seguen a ir á escola sen o material pertinente.

*Tereixa Otero* comenta tamén que desde xuño, todos os sindicatos con representación na Xunta de Persoal de Pontevedra están solicitando poder consultar os catálogos sen éxito. Coméntalle ao representante da Administración educativa que estes poden estar moi ben casados, pero eles non poden acceder a eles para comprobalo. O que si saben é que hai un recorte tan grande no número de profesorado que esas 4 horas lectivas a maiores das que se falan, as teñen que investir en dar materias que impartiría o profesorado suprimido e non en actividades coma a biblioteca ou outras que se facían.

*Asemade*, reclama que se volva a dar o diálogo entre os diferentes sectores da comunidade educativa. *Tereixa* comenta que na anterior administración se lle daba mellor trato aos sindicatos. Agora non se lles da ningunha información. Desde xuño séguese coa mesma orde do día na xunta de persoal sen poder avanzar ante a escasez de información.

*Santiago Rodríguez* continúa dicindo que o sistema actual de subvención dos libros de texto é claramente mais caro e menos eficiente. Tiráronse libros escritos en galego que eran moi válidos e orzamentáronse unhas axudas para escribir eses mesmos textos en castelán o que non mostra moita austeridade que parece que é a liña marcada pola Xunta. Lembra ademais que se retiraron as axudas para editar libros en galego cando xa estaban convocadas.

En canto ao aumento de horas lectivas, explica que non é un aumento de xornada laboral, senón que o profesorado te que estar máis horas nunha aula impartindo cos rapaces, quedándolle menos tempo da súa xornada para facer outras tarefas obrigatorias coma os traballos das avaliacións, etc. Este aumento de horas e a redución de profesorado fai que teña que haber máis alumnos por aula e en consecuencia estes van estar peor atendidos. Aos pais e nais, explica *Santiago*, haberá que dicirle que os seus fillos van ser 1 de 35 cando antes eran 1 de 28. Aparte de que os alumnos estean peor atendidos, o profesorado ten menos horas para preparar materiais, menos tempo para atención aos alumnos que necesiten un seguimento especial, para atención ás titorías,... El cre que a única xustificación que ten a Consellería para aumentar o horario lectivo e reducir o número de profesores. Non é que con esta medida o profesorado traballe máis porque antes se traballase pouco, senón que o gasto en persoal está sendo menor. A Consellería fala duns 8 millóns de euros menos no que queda de ano. De cara ao ano que ven, nos orzamentos pode verse, polo que está dedicado a gastos de persoal, que se disporá duns 600 profesores menos. *Santiago* remata a súa intervención dicindo que a atención ao alumnado é evidente que así nunca vai mellorar.

Ás 19:05 auseántase da xuntanza Cipriano Luis Jiménez



Raquel Díaz comenta que en canto ás obras de comedores, a Xunta tiña unha serie de compromisos que non cumpriu. O CEIP Pombal e CEIP Pintor Laxeiro tiñan que estar rematados para o 2010 e está aprobado que se empece aínda no 2012, dous anos despois, e do CEIP Illas Cíes non se sabe nada. Polo tanto si se están facendo cousas pero o certo é que os compromisos adquiridos non se cumpriron.

Rematado o debate, a Presidenta do Consello procede a iniciar a votación da moción:

#### Acordos adoptados

Apróbase a moción da Presidenta do Consello emendada pola Comisión de Equipamentos en contra da política educativa da Xunta en Vigo. Votos emitidos: 15; votos favorables: 10; votos en contra: 2; abstencións: 3

### 6.3.- Moción de Foanpas sobre comedores escolares.

M<sup>a</sup> Bertila Fernández explica que presentan esta moción xa que os problemas que Foanpas se atopa na xestión diaria dos comedores crecendo cada ano de maneira alarmante. Para empezar comenta que non existe espazo físico para admitir todas as solicitudes. Ademais atópanse día a día con problemas á hora de facer a xestión, con problemas de resolución de conflitos,... Comenta que ás veces nin teñen a capacidade legal nin é a súa responsabilidade intervir neses conflitos. Comenta que sen senten abandonados pola Consellería, obrigados a facer unha xestión que non lles competen e preocupados porque non saben ata que punto non están cometendo unha ilegalidade cando xestionan os comedores.

Informa de que o día 17 terán unha reunión co Secretario Xeral que lles servirá de preparatoria para cando se reúnan co Conselleiro ao que lle fixeron saber que os comedores da cidade de Vigo son un tema de gran calado e pola tanto non deben ser un tema de peloteo na prensa nin de reunións cordiais que non van máis alá do mero encontro. É un tema que lles preocupa e por iso presentan esa moción.

---

#### ANTECEDENTES

En base á situación que se está a padecer na rede de comedores que xestiona FOANPAS na que se mestura a falta de espazo, as dobres quendas, a excesiva responsabilidade que teñen que asumir as ANPAS derivada desta xestión, contratación do servizo de catering, seguimento dos menús (dietas especiais), conflitos de convivencia, etc. Nestes intres se xestionan polas ANPAs 31 comedores, 7 deles con dobre quenda e 1 con quenda tripla.

No presente curso 2011-12 hai un total de 2.299 comensais, dunha capacidade real para 2.013 nenas e nenos, e solicitudes de comedor que ascenden a 2.528, das cales son bolseiros 630 rapazas e rapaces

#### TEXTO

Solicítase á Consellería de Educación da Xunta de Galicia que asuma a xestión dos comedores escolares da cidade de Vigo e que leve a cabo os arranxos precisos e as medidas oportunas para adecuar os espazos aos usuarios e ás necesidades do servizo.

---

*Bertila Fernández* comunica que a Asemblea de Foanpas aprobou que se ao inicio do curso 2012-2013 non hai intención da Consellería de sentarse e facer un calendario onde se plasme como progresivamente irán asumindo a xestión de comedores, Foanpas plantará esta xestión. *Xesús Rodríguez* como docente primeiro quere alabar a xestión encomiable dos comedores por parte de Foanpas. Apunta que nos últimos anos o xeito de vida cambiou e a día de hoxe para moitas familias o uso dos comedores escolares é unha necesidade. Foanpas sacoulle as castañas do lume á Consellería, xa que desde esta se tiña que asumir a xestión dos comedores ao igual que o servizo de transporte ou incluso as actividades extraescolares. Foanpas xa deu os pasos necesarios para que os comedores estean perfectamente instaurados. Pensa que é o momento de os pais e nais se planten xa para forzar á Consellería a que dunha vez por todas asuma esta xestión.

O representante da administración educativa intervén dicindo que o servizo complementario de comedor escolar naceu nos anos 70 froito da necesidade de prestar ese servizo aos alumnos transportados, que non tiñan centro na súa localidade. Isto mantívose ata o ano 2007, todos os alumnos que tiñan o Centro Educativo a máis de 2 km tiñan dereito a transporte escolar e a comedor. A partir do 2007 ábrese a posibilidade de comer a todo o alumnado. A labor das Anpas é loable neste sentido xa que grazas a elas se pode dar este servizo.

*Bertila Fernández* comenta que os tempos cambiaron é que a día de hoxe os comedores que eles xestionan parten da necesidade de conciliar a vida familiar e laboral. Desde Foanpas cren que merece un esforzo, que a Consellería considere e plantexe un cambio na xestión. Manifesta a súa preocupación ante a posibilidade de que suceda un percance nun comedor escolar e que se vexan afectados os pais e nais cando sería a administración quen debería asumir a responsabilidade.

*Olga Alonso* apunta que os Centros aparte dunha labor educativa tamen teñen que ofrecer unha serie de servizos e preocúpalle que estes non os poida dar tamén a escola pública. Cre que realidade actual fai necesaria que existan comedores para a conciliación da vida familiar e laboral, que moitos pais se matriculan nun ou noutro centro porque se ofrezca este servizo. E ademais do servizo que se lle da aos pais existe unha realidade máis dura. No seu Centro por exemplo, teñen nenos que lles consta que grazas a que asisten ao comedor escolar comen comida quente cada día. Fala ademais de que nos comedores da escola pública tamén se educa aos nenos. O profesorado ocúpase da parte instrutiva, pero no comedor aprenden convivencia, o xeito de comer, que hai que lavar as mans e os dentes,... e isto debería poder seguirse aprendendo en todos os centros públicos.

A Presidenta do Consello tras agradecer novamente a Foanpas a labor que fai nos comedores procede a iniciar a votación da moción:

#### **Acordos adoptados**

Apróbase a moción de Foanpas sobre comedores: Votos emitidos: 15; votos favorables: 13; votos en contra: 1; abstencións: 1

#### **6.4.- Proposta da Comisión de Equipamentos e Planificación**

Tereixa Otero, presidenta da Comisión de Equipamentos presenta a seguinte proposta:

---

##### **ANTECEDENTES**

Na etapa 2010-2011, a anterior Concelleira de Educación do Concello de Vigo, Laura López Atrio, enviou unha carta ao reitor da Universidade de Vigo solicitando asistencia técnico-científica co fin de levar adiante o proxecto de elaboración do Mapa Escolar da cidade coa finalidade de que Vigo conte cun Plan axeitado de aproveitamento da rede de centros públicos desta cidade.

##### **TEXTO**

A comezos do curso escolar 2011-12, non coñecemos en que situación se atopa esta solicitude, polo que a Comisión de Equipamentos e Infraestruturas, propón á Presidenta do Cemv, que se informe da situación na que se atopa a elaboración do proxecto solicitado ao Reitorado da Universidade de Vigo.

---

*Raquel Díaz* informa que ata o momento a Universidade de Vigo non contestou á súa petición polo que esta se reiterará.

*Gonzalo Fernández* a este respecto comunica que na Xefatura Territorial de Pontevedra, sede de Vigo hai unha Comisión de traballo composta por 5 inspectores que está a elaborar un documento de nova zonificación escolar. que agardan ter rematado no vindeiro mes de decembro. Unha vez feito remitirase entre outros ao CEMV, para coñecemento, achegas e aprobación se procede, coa pretensión de que entre en vigor antes do proceso de admisión do alumnado do próximo curso.

A presidenta comunica que se dá conta do documento que está a elaborar a Xunta o que non quita que se reitere a petición de colaboración á Universidade de Vigo.

#### **7.- Rogos e Preguntas.**

Intervén *Antonio Estévez* substituindo nesta sesión plenaria a Manuel Rodríguez González para demandar a continuidade no menor prazo posible do programa educativo municipal “Vigo por dentro”, iniciativa didáctica moi valorada e consolidada na comunidade educativa. Comenta que o programa incluía actividades que estaban moi ben organizadas, dirixidas por un monitor especializado, que servían para dar a coñecer Vigo e o seu entorno e para formar aos alumnos in situ, en definitiva que eran unhas actividades complementarias fantásticas que agora non se fan.

*Antonio Estévez* solicita que, aínda que para o primeiro trimestre sexa practicamente imposible, desde o Concello se acelere o proceso para que no 2º trimestre se poida contar xa con este programa en funcionamento.

*Raquel Díaz* explica que o novo proceso de contratación se iniciará en breve, e que neste momento se está a facer unha labor moi importante que consiste en recoller e valorar aquelas achegas, propostas, suxestións e inqedanzas aportadas pola Asociación de Directores, na procura de rediseñar algúns aspectos de loxística organizativa do programa como a oferta de itinerarios didáctico-formativos. Unha vez se recollan as propostas e se deseñe o Vigo por Dentro que queremos, procederase a iniciar o proceso de contratación.

En calquera caso, informa de que o programa Vigo por Dentro está funcionando a través da web. Aínda que non haxa saídas si se poden descargar unidades didácticas e guías que se poden empregar polo profesorado e o alumnado.

*Antonio Estévez* pregunta se estará lista entón a contratación de cara a que funcione no 2º trimestre.

*Raquel Díaz* responde que lle é imposible dar unha data xa que todo depende do tempo que se tarde en recoller as propostas e en facer o proceso de contratación.

*Santiago Rodríguez* pregunta se se tivo algún contacto directo cos centros e cos docentes xa que estes teñen moita experiencia como usuarios do programa ao que Raquel lle resposta que o contacto se fixo a través da Asociación de Directores. Olga confirma que na reunión que estes tiveron da semana anterior se decidiu que as peticións de suxestións se fixeran a través de cada director. Santiago solicita que se faga unha comunicación directa cos centros a modo de inquerito aportando unha listaxe de saídas e que tamén se recollan achegas dos Movementos de renovación pedagóxica. Intervén Xan Centrón para solicitar que este programa educativo teña en conta unha parte de flexibilidade que potencie o dinamismo dalgúns docentes, apoiando economicamente a execución de saídas didácticas propias, sendo este un xeito de recoñecer publicamente esta labor.

Intervén Francisco para demandar que se abra tamén a participación dos centros concertados a esta iniciativa didáctica. Pedro Vázquez explica que este programa xa estaba aberto aos centros privados concertados o cal e corroborado por M<sup>a</sup> Carmen Lorenzo que traballa nun centro destas características e si se benefician do programa.

*Olga Alonso* demanda que se poñan en marcha canto antes tanto este programa coma o de Vigo Activities, xa que a día de hoxe a oferta de saídas dos Centros é escasa. Comenta que Caixavigo ata agora ofrecía actividades gratuítas coma as representacións teatrais pero desde este ano cobra un euro por alumno por cada actividade, o cal, tendo en conta a situación actual, fixo que a Asociación de directores decidira rexeitar participar nestas actividades.

Intervén M<sup>a</sup> Carmen Lorenzo en representación de CCOO sindicato ao que pertence para preguntar polas seguintes cuestións:

- Pola situación do Centro de Artesanía Tradicional (CAT), o cal segundo comunica a presidenta do órgano colexiado, queda asociado no seu funcionamento ao Museo Etnográfico “Olimpio Liste”.

- Pola situación centro educativo “Caixanova” xa que alí hai traballadores públicos. A Concelleira comunica que desde o Concello non teñen novidades, que non se puxeron en contacto con eles, pero que en todo caso o propietario real actual xa non é o banco senón que é a Fundación San Rosendo, co cal non lle afectan os movementos que haxa no NCGbanco Neste punto intervén Gonzalo para explicar que antigamente era unha escola que dependía da Caixa de Aforros Municipal de Vigo. Logo cando esta xa era Caixanova, o edificio foi vendido á Fundación San Rosendo. Comenta que non sabe se o comprador era consciente da servidume que tiña o edificio. O que si sabe é que houbo movementos por parte desta empresa para desafectar o edificio pero non o conseguiron. Santiago Rodríguez interésase pola estabilidade profesional destes docentes. Gonzalo Fernández explica que os docentes son nomealos cada ano pola Consellería e comenta que a día de hoxe a situación é moi complexa e probablemente sexa imposible de manter indefinidamente. Comenta que a ANPA do Centro presentou unha moción no Pleno do Concello para que se construíra un novo centro na zona. Esta foi aprobada por unanimidade. Pero polo de agora o tema segue igual

Intervén Bertila para solicitar que se concrete o acordo tomado no CEMV na súa última sesión plenaria para recoñecer publicamente as traxectorias de García Picher e Chito Veiga, mediante a remisión ás súas familias do citado recoñecemento.

Remata a sesión ás 19:50 horas, sen máis asuntos que tratar.

•

O SECRETARIO DO CEMV

Vº e Pr

A PRESIDENTA DO CEMV

Pedro Vázquez Iglesias

Raquel Díaz Vázquez